



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NA MARIÑA LUCENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidade de Municipios Mariña Lucense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade da Mariña Lucense para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúan a realización das seguintes actuacións repartidas en dúas anualidades:

2018:

- 1.- LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA MARIÑA LUCENSE
- 2.- LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA
- 3.- LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO
 - 3.1 ACCIÓN: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN
 - 3.2 ACCIÓN: XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO

2019:

- 1.- LIÑA 1: CONSOLIDACIÓN DE PRODUTOS TURÍSTICOS NA MARIÑA LUCENSE
- 2.- LIÑA 2: FORMACIÓN DE AXENTES TURÍSTICOS NA MARIÑA
- 3.- LIÑA 3: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN XERAL DO DESTINO





3.1 ACCIÓN: COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN

3.2 ACCIÓN: XESTIÓN E COORDINACIÓN DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- Os Concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

Segundo.- A Mancomunidad de Municipios da Mariña Lucense nace en 1982 como unha organización supramunicipal pública, co obxectivo, entre outros, de consolidar a comarca como un destino turístico diferenciado e de calidade dentro do panorama nacional e internacional, e os seus estatutos no seu artigo 3 alínea e) recollen, entre outros fins, o establecemento e prestación do servizo da competencia municipal “a promoción coordinada do desenvolvemento industrial e turístico”.

Terceiro.- O abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.



Cuarto.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, e para lograr esta finalidade acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. Así mesmo, no exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Quinto.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade da Mariña Lucense contribúen á potenciación deste xeodestino e dá continuidade á colaboración establecida entre a Axencia Turismo de Galicia, a través dos Plans de Dinamización e Excelencia Turística realizados nos dous concellos máis puxantes desta área (Ribadeo e Viveiro), establecendo agora un novo plan que afecta ao conxunto do territorio da Mancomunidade, para desta forma reafirmar un xeodestino xa moi definido no ámbito turístico e que está considerado como un referente na creación e promoción de produtos turísticos innovadores e sostibles, contribuindo a consolidar á Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade e que incida no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

Que a través deste convenio, outórgase ao Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

